

AO COIDADADO DA Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

ASUNTO: SOLICITUDE DE ANULACIÓN DA OBRIGA DE ASISTENCIA AOS CENTROS EDUCATIVOS DE GALIZA DOS INTEGRANTES DOS EQUIPOS DIRECTIVOS.

1. O Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, indica no seu artigo 9 o seguinte:

Artículo 9. Medidas de contención en el ámbito educativo y de la formación.

1. Se suspende la actividad educativa presencial en todos los centros y etapas, ciclos, grados, cursos y niveles de enseñanza contemplados en el artículo 3 de la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación, incluida la enseñanza universitaria, así como cualesquiera otras actividades educativas o de formación impartidas en otros centros públicos o privados.

2. Durante el período de suspensión se mantendrán las actividades educativas a través de las modalidades a distancia y «on line», siempre que resulte posible.

2. O artigo 3.1 do Código Civil dispón, en materia de interpretación das normas xurídicas, que

“as normas se interpretarán segundo o sentido propio das súas palabras, en relación co contexto, os antecedentes históricos e legislativos e a realidade social do tempo no que han de ser aplicadas, atendendo fundamentalmente ao espírito e finalidade daquelas”.

3. A RESOLUCIÓN do 15 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade ao acordo do Centro de Coordinación Operativa (Cecop), mediante o que se adoptan medidas preventivas en lugares de traballo do sector público autonómico como consecuencia da evolución epidemiolóxica do coronavirus COVID-19 (DOG 15 de marzo) estipula no apartado décimo que:

Nos centros educativos de todos os niveis de ensino non universitario de máis de seis unidades permanecerá en réxime de quendas só unha persoa do equipo directivo do centro das 10.00 ás 13.00 horas.

4. Esta medida implantada pola Xunta de Galiza chega despois de tres cambios anteriores nas disposicións e obrigas para o persoal docente, sendo primeiro obrigatorio a asistencia de todo o persoal docente durante a suspensión da actividade docente, despois indicando que debía acudir todo o profesorado que indicase a dirección, posteriormente a totalidade do equipo directivo mais non o resto do equipo docente e finalmente o que se recolle no citado apartado décimo.

5. Nos centros educativos non se vai desenvolver ningún tipo de actividade durante a aplicación do estado de alerta nin existe ningún prazo nin trámite aberto. Po outra parte, todas as indicacións sanitarias ditadas pola autoridade competente indican que se debe limitar ao mínimo imprescindible a saída dos domicilios particulares.
6. A medida adoptada pola Xunta bate de fronte co Real Decreto e obriga a que por volta de 3.000 docentes, por quendas, se despracen a uns centros sen actividade, co risco innecesario que isto implica non só para as persoas que se teñen que desprazar, nalgúns casos, a distancias considerábeis, senón mesmo para unha restauración da normalidade unha vez rematado o estado de alerta se se producise un contaxio relevante nos integrantes dos equipos directivos.
7. Os equipos directivos contan con todo tipo de ferramentas telemáticas para a xestión das súas funcións, no caso de que a Consellaría ou os propios integrantes dos equipos entendesen como necesario algunha en concreto.
8. A propia Resolución indica que todo o persoal da Xunta, como é lóxico, que "Todos os empregados permanecerán localizables e deberán reincorporarse aos seus postos de traballo de forma presencial se así se require por necesidades do servizo".
9. A suspensión dos prazos procesuais e administrativos decretada nas disposicións adicionais 2a e 3a do RD 463/2020 fan inviábel que este recurso poida ter efectos prácticos se non se procede urxentemente á súa toma en consideración por parte desa delegación do Goberno ou órgano correspondente do Goberno.

Por todo o anterior, solicítase o seguinte:

- Que se tomen as medidas oportunas e urxentes para anular o parágrafo do apartado décimo da RESOLUCIÓN do 15 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e procedendo a **non facer obrigatoria a asistencia de ningún integrante dos equipos directivos dos centros educativos**, sendo considerados a todos os efectos como o resto do persoal ao servizo da administración autonómica, permanecendo localizábeis por se se deben reincorporar ao posto de traballo e realizando, se for o caso, as tarefas necesarias na modalidade de teletraballo.

A Coruña, 16 de marzo de 2020

Xesús Bermello García
Secretario Nacional CIG-Ensino